


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

11-12 de outubro do 2025

XXVIII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 4 Amigos nas penas**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Cantas veces dicimos “grazas”?, e cantas veces máis deberíamos dicilo?.

O certo é que son moitas as cousas que nos merecen ser agradecidos.

Grazas nos merecedes os veciños e veciñas que agora estades aquí, á beira, compartindo camiños de fe.

Grazas nos merecen todas esas persoas que dan sentido fondo á nosa vida, coa súa amizade, co seu acompañar, co seu darnos unha man.

Grazas nos merecen eses homes e mulleres que dun xeito calado e responsable se esforzan por facer da nosa unha humanidade mellor. Moitas veces pasan desapercibidos pero o certo é que axudan: médicos, bombeiros, policía, axentes forestais, enfermeiros, voluntarios na caridade, acompañantes nas residencias de maiores, homes e mulleres de ben e de paz.

Xesús no evanxeo de hoxe convida a ser agradecidos. A el só un de dez lle deu as grazas, foi o samaritano.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *É evidente que non sempre o facemos ben, e ás veces somos ben pouco agradecidos. Agora é momento de pedir perdón.*

Monitor/a

✓ Perdón Señor polas veces que non sabemos agradecer o moito ou pouco que a vida nos regala;
SEÑOR, GRAZAS POLA VIDA

✓ Perdón Señor polas veces que nin valoramos ás persoas que temos á nosa beira, nin valoramos é terra e a natureza que temos entre mans; **CRISTO, GRAZAS POLA VIDA**

✓ Perdón Señor polas veces en que en vez de darlles as grazas aos demais polo seu bo facer o que facemos é desconfiar e pensar que todo o que fan é polo seu único interés; **SEÑOR, GRAZAS POLA VIDA**

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns e nas nosas vidas, alentándonos para sermos respectuosos e agradecidos. A todos nos concede o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos encamiña cara á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus no silencio o que rebule no noso interior e as nosas intencións para esta semana. Pousamos tamén nas mans de Deus Pai a nosa esperanza de que se refagan camiños de paz coas xentes de Palestina ás que non se lle deixa nin tan sequera ter vida.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, que o teu amor e a túa graza tome a iniciativa na nosa vida e nos acompañe sempre.

Que sexamos agradecidos con todas as persoas de ben, sen facer diferenzas por pensar, vivir ou cre diferente.

Que co agarimo do noso corazón e co bo facer dos nosos feitos sexamos agradecidos e merecentes de agradecemento seguindo o exemplo de Xesús, o teu fillo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Ser agradecidos é a ensinanza que hoxe nos amosa a Palabra de Deus.*

Na primeira lectura un estranxeiro de Siria sinte de corazón o agradecemento a Deus.

No evanxeo só unha de dez persoas que foron ben tratadas sinte a necesidade de dar as grazas polo ben que lle fan. Escoitámolo e sexamos nós agradecidos.

No Leccio I C páx **2 Re 5, 14-17** *LECTURA*

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO SEGUNDO DOS REIS

Daquela baixou Naaman o Sirio ao Xordán e mergullouse na súa auga sete veces, segundo lle mandara Eliseo o home de Deus. A súa carne tornouse entón coma a dun neno pequeno, e quedou limpo da súa lepra.

Volveu Naamán con toda a súa compañía onda o home de Deus e presentóuselle, dicindo:

- "Agora recoñezo que non hai deus en toda a terra, fóra do Deus de Israel. Acepta, pois, un regalo do teu servo".

Respondeulle Eliseo:

- "Polo Señor vivo a quen sirvo, que non aceptarei cousa ningunha". E por moito que lle insistiu para que aceptase, el negouse.

Naamán dixo entón:

- "Pois logo, permite que o teu servo leve unha carga desta terra, a que poidan cargar dúas mulas, pois o teu servo non ofrecerá holocaustos nin sacrificios a deus ningún, senón só ao Señor.

Palabra do Señor

🎵 ***A túa palabra é o meirande ben*** **SALMO**

(en pé) *No Lecc I C páx* **Lc 17, 11-19** *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, indo Xesús camiño de Xerusalén, mentres pasaba entre Samaría e Galilea, ao entrar nunha aldea, saíronlle ao paso dez gafos. Pararon ao lonxe, e dando voces suplicáronlle:

- Xesús, Mestre, ten dó de nós.

El, ao velos, díxolles:

- Ídevos presentar aos sacerdotes.

E aconteceu que cando ían para alá, quedaron limpos. E un deles, ao se decatar de que estaba curado, volveu louvando a Deus con grandes voces. E prostrándose, rostro en terra, aos pés de Xesús, deulle as grazas. Era un samaritano. Xesús dixo:

- Non foron dez os que quedaron limpos? Onde están os outros nove? Ninguén, fóra dun estranxeiro, volveu para lle dar gloria a Deus?

E engadiu:

- Érguete e vaite: salvoute a túa fe.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



A xeito de homilía

Di a canción de
Violeta Parra:

*“Gracias a la
vida que me ha
dado tanto”.*

E nós que dicimos?.

“Grazas á vida por todas e cada unha das amizades que fomos construíndo”.

“Grazas á vida por todas e cada unha desas cousas coas que a natureza nos agasalla cada día nestas terras de Os Cotos”.

“Grazas á vida por todas e cada unha desas persoas crentes que nos dan un bo exemplo para seguir os valores que nos propón Xesús”.

“Grazas á vida por todas e cada unha das razóns polas que dicimos que a vida vale a pena, grazas por todas as mans que nos acompañan e agariman”.

“Grazas á vida por alentarnos para non calar o que na vida está mal, para non contentarnos con moito do que pasa ao noso redor”.

“Grazas á vida por poder ser hoxe coma o samaritano do evanxeo “AGRADECIDOS”.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Despois de escoitar a Xesús no Evanxeo, queremos, Señor, ser agradecidos pola fe que compartimos e coa que queremos comprometernos.*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Creemos en Deus,

o Pai que que ama a todos sen diferenza e que desexa de nós unha palabra de agradecemento?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos en Xesús Cristo, noso irmán,

que nos convida a compartir á súa beira e que desexa de nós palabras e feitos que amosen un corazón agradecido con todas as persoas que nos tratan ben?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos no Espírito Santo,

que nos alenta a dar unha man á beira de tantas persoas que viven sentíndose marxinas e esquecidas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos na Igrexa,

comunidade que agradece a todas e cada unha das persoas que o fan ben nas parroquias, mesmo sen esperar nada a cambio?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Fiándonos de Xesús, ergamos a nosa voz ao Pai deixando que o corazón fale de todo o que lle agradecemos a el e aos demais, dicindo:*

Señor, agradecemos a fe que compartimos

Monitor/a

✓ Grazas, Señor, por querer unha Igrexa de comunidade, na que ninguén se sinta excluído, marxinado ou silenciado, oremos

✓ Grazas, Señor, polas nosas comunidades, nas que atopamos persoas que dan testemuño dunha fraternidade que salta fronteiras para coidar enfermos, marxinados, pobres, maiores, ... oremos

✓ Grazas, Señor, por todo aquilo que nos regalas: a vida, a saúde, a natureza, o traballo, os amigos, a familia... para que a nosa fe nos axude a saber descubrir aí a túa man xenerosa, oremos

✓ Grazas, Señor, por todas as persoas que senten dor de corazón ao ver aos refuxiados tirados, e non dubidan en ofrecer as súas mans acolledoras e tolerantes, oremos

✓ Grazas, Señor, por todos os esforzos a favor da paz para as xentes de Palestina, oremos

Celebrante: *Grazas, Señor, por escoitarnos, acollernos e axudarnos a vivir o evanxeo nas distintas situacións da vida. Por Cristo o noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos agora a oración de Xesús, a oración de irmáns, a oración agradecida e confiada ao Deus Pai que sempre nos agasalla na vida. Rezamos así como o temos aprendido de Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A fe sen feitos está morta, non leva a nada. Se a fe non é agradecida non produce feitos que a fagan viva. Compartamos a nosa fe agradecendo cos nosos irmáns un xesto de paz e de amor cos que están á nosa beira. Está nas nosas mans facelo mellor.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa de parroquia, este altar é signo do compartir na vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño da fe, porque seguir a Xesús esixe facer evanxeo, e hoxe agradecemos ao Pai que nos convida a compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 43** **Non vou só**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, noso Pai, a ti que nos alimentas co Pan da Vida do teu Fillo, queremos darche as grazas, e tamén queremos agradecer que nos teñas feito participar da súa natureza divina.

Agradecemoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Xesús sorprendeuse e doeuse de que aquelas nove persoas non souberan dar as grazas polo favor recibido.

Que sempre saibamos nós agradecer a Deus a fe e a vida que nos dá, e aos nosos irmáns o poder compartir as nosas celebracións.

RECORDATORIO DE CATEQUESE

Esta semana pasada xa empezamos a catequese: o xoves en Fornelos os nenos e nenas de primaria, o venres en Fornelos os de secundaria, e o sábado en Moscoso os de primaria e secundaria.



Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

“Só unha persoa volveu para darlle as grazas a Xesús”
“Onde están as outras nove?”

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus